

## BASES DE PARTICIPACIÓN

### 1. Presentación

**1.1.** A comisión organizadora de Muros Mira ao Mar convoca o **VII Concurso de ambientación e decoración mariñeira tradicional**.

**1.2.** O Concurso desenvolverase durante os días **7, 8 e 9 de xullo**, dentro do programa das Xornadas de Cultura Mariñeira "Muros Mira ao Mar".

### 2. Condicións de participación

**2.1.** Poderán presentarse ao mesmo os comercios e tabernas mariñeiras das Xornadas e locais hostaleiros con establecemento aberto ao público na vila de Muros.

**2.2.** Deberán inscribirse para tal fin, **entre o 3 e o 6 de xullo**, polo seguinte medio:

Presentando a folia de inscrición no Rexistro Xeral do concello de Muros Muros:

horario: 08.00 a 14.00

**2.3.** Deberá poñerse en sitio visible, no exterior, o distintivo da acreditación da súa participación no Concurso.

### 3. Premios do concurso

**3.1.** Entre todos os locais comerciais e tabernas mariñeiras/locais hostaleiros presentados ao concurso, o xurado elixirá un local comercial gañador e un establecemento hostaleiro gañador:

- Primeiro Premio de ambientación mariñeira "Local Comercial"
- Primeiro Premio de ambientación mariñeira "Taberna mariñeira ou local de hostalería"

### Contía dos premios

#### PREMIOS DO XURADO OFICIAL

1º Premio de ambientación mariñeira "Local Comercial":

**200,00 €** + trofeo + diploma.

1º Premio de ambientación mariñeira "Taberna mariñeira ou local de hostalería":

**200,00 €** + trofeo + diploma.

O xurado poderá declarar deserto algún premio en caso de que ningunha das ambientacións reúna uns mínimos de esforzo e traballo.

**3.2.** Valorarase:

No caso de "Local comercial" a decoración do escaparate, do local e o vestiario do persoal.

No caso de “Taberna mariñeira/ local de hostalería” a decoración da taberna ou fachada, a ambientación e a vestimenta do persoal.

## 4. Funcionamento do concurso

**4.1.** O concurso celebrarase do **7 ao 9 de xullo de 2017**.

**4.2.** Durante os días de celebración, os membros do Xurado visitarán todos os establecementos participantes.

**4.3.** O Premio á Mellor Ambientación “Muros Mira ao Mar” 2017 nas diferentes categorías será outorgado aos que **reciban a maior puntuación, respectivamente (Local Comercial e Taberna mariñeira/Local Hostaleiro)**.

**4.4.** Valoraranse os seguintes criterios:

- No premio dirixido a Locais Comerciais: decoración do escaparate, do local e o vestiario do persoal.
- No premio dirixido a Tabernas mariñeiras/loais hostaleiros: decoración da taberna ou fachada do local, ambientación exterior e vestimenta.

## 5. Xurado oficial do concurso

**5.1.** O xurado valorará os locais en función dos criterios de puntuación propostos pola Organización. A puntuación final obterase como resultado da media dos puntos obtidos de cada un dos membros.

**5.2.** O xurado estará composto por persoas relacionados coa temática do concurso.

**5.3.** Como metodoloxía, **o xurado NON avisará aos establecementos adheridos da súa presenza**, co obxecto de valorar a ambientación tradicional mariñeira coa maior transparencia.

## 6. Publicidade do concurso

**6.1.** As bases do concurso serán publicadas no taboleiros de anuncios do concello, a páxina web e o facebook Muros Mira ao Mar

## 7. Acto de entrega de premios

O fallo do xurado darase a coñecer na cerimonia ou gala de entrega de premios, **o día 9 de xullo de 2017 e será inapelable**. Durante este acto contarase coa asistencia de establecementos participantes, autoridades e medios de comunicación.

## 8. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación destas bases.

## FICHA DE INSCRICIÓN:

### DATOS DO ESTABELECIMENTO

Nome do establecemento \_\_\_\_\_

Rúa/ Praza \_\_\_\_\_

Número \_\_\_\_\_

Código postal \_\_\_\_\_

Teléfono \_\_\_\_\_

Correo-e \_\_\_\_\_

Horario de apertura \_\_\_\_\_

### DATOS DO REPRESENTANTE DO ESTABELECIMENTO

Nome \_\_\_\_\_

Apelidos \_\_\_\_\_


DNI \_\_\_\_\_

Teléfono \_\_\_\_\_

Correo-e \_\_\_\_\_

Muros, de de 2017

Sinatura



\* Acepto as bases do concurso de Ambientación Mariñeira - "Muros Mira ao Mar" 2017.